

Venres, 16 de decembro de 2022

Núm. 239

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEAREAS

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA FISCAL DA TAXA DE POR CONCESIÓN DE ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRAVÍAS, BEIRARRÚAS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS

ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA FISCAL DA TAXA POR CONCESIÓN DE ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRAVÍAS, BEIRARRÚAS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE

Que o Pleno da Corporación Municipal, na sesión levada a cabo o día 27 de xullo de 2022, acordou aprobar inicialmente a Ordenanza fiscal reguladora da a taxa por entrada de vehículos a través das beiravías, beirarrúas e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

O 4 de agosto de 2022 publicouse anuncio de aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e abriuse período de exposición pública polo prazo de 30 días hábiles.

Transcorrido o prazo de exposición pública sen presentarse, polas persoas interesadas, reclamación ou suxestión algunha, de conformidade co artigo 17.3 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, queda aprobada definitivamente a Ordenanza fiscal.

A entrada en vigor da modificación da ordenanza fiscal, atendendo ao disposto no artigo 17.4 do TRLRFL, producírase coa publicación no BOP do acordo de aprobación co texto íntegro da modificación.

En cumprimento do previsto no artigo 113.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local-LRBRL- contra o acordo de aprobación da modificación da Ordenanza Fiscal só poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación do texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido nos artigos 30 e 112.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa; e iso sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen oportuno.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:67UWR4HAMJAPR1T



Venres, 16 de decembro de 2022

Núm. 239

ORDENANZA FISCAL DA TAXA POR CONCESIÓN DE ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRAVÍAS, BEIRARRÚAS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE*ARTIGO 1º. NATUREZA E FUNDAMENTO*

No uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e, de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a TAXA POR ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DE BEIRAVÍAS, BEIRARRÚAS E RESERVAS DA VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA OU DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE, á que refírese o artigo 20.3 h) do citado Real Decreto Legislativo, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, da que as súas normas atenden ao previsto no artigo 57 do mesmo texto legal.

ARTIGO 2º.- FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúen o feito imponible da taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal con accesos ou saídas de vehículos ao interior de inmobles cando sexa necesario cruzar beiravías, beirarrúas ou outros bens de dominio e uso público ou o seu uso privativo ou que supoña unha especial restrición do uso que corresponda a toda a cidadanía respecto a estes bens ou impida o estacionamento ou parada doutros vehículos no espazo público polo que se realiza o acceso ou o uso especial e outras reservas análogas.

2. Cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial regulado nesta ordenanza leve aparellada a destrución ou deterioro do pavimento ou instalacións da vía pública, a persoa beneficiaria, sen prexuízo do pago da taxa á que houbera lugar, estará obrigada ao reintegro do custe total dos respectivos gastos de reconstrución ou reparación e o depósito previo do seu importe.

Se os danos foran irreparables o Concello será indemnizado en contía igual ao valor dos bens destruídos ou ao importe do deterioro dos danados.

Baixo ningún concepto poderase condonar total nin parcialmente as indemnizacións e reintegros a que se refire o presente apartado.

ARTIGO 3º.- SUXEITOS PASIVOS

Serán suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, comunidades de propietarios e as entidades sen personalidade xurídica a que se refire o artigo 35 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria (LXT), que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, titulares das concesións consonte algún dos supostos do artigo 2º.



Venres, 16 de decembro de 2022

Núm. 239

Terá a condición de suxeito pasivo substituto da persoa contribuínte, na taxa establecida pola utilización privativa, aproveitamento especial ou por entradas ou saídas de vehículos ou carruaxes a través das beiravías ou beirarrúas e pola súa construción, mantemento, modificación ou supresión, as persoas, comunidades de propietarios e entidades propietarias das fincas e locais ás que dean acceso a estas entradas ou saídas de vehículos ou se aproveiten do seu uso especial, quen poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre as respectivas persoas beneficiarias titulares das licenzas.

En consecuencia, quedan obrigados ao cumprimento da obriga tributaria:

a) se a ocupación foi autorizada ou concedida, as persoas ou entidades a cuxo favor se outorgaron as licenzas ou concesións.

b) se se procedeu sen a correspondente autorización, as persoas ou entidades que efectivamente realicen a ocupación.

ARTIGO 4º.- RESPONSABLES

Responderán da débeda tributaria os debedores principais xunto a outras persoas ou entidades. A estes efectos considéranse debedores principais os obrigados tributarios do artigo 35,2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Salvo precepto legal expreso en contrario, a responsabilidade será sempre subsidiaria.

Serán responsables solidarias das obrigas tributarias as persoas físicas e xurídicas, comunidades de propietarios ou entidades ás que refírese o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarias as persoas administradoras das sociedades e os/as síndicos/as, interventores/as ou liquidadores/as de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5º.- COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria desta taxa consistirá na cantidade resultante de aplicar as tarifas que figuran no ANEXO DE TARIFAS desta ordenanza.

ARTIGO 6º.- BENEFICIOS FISCAIS

Só se admitirán nesta taxa as exencións e bonificacións que veñan establecidos en tratados, acordos internacionais ou en normas con rango de lei.

ARTIGO 7º. PERÍODO IMPOSITIVO E DEVINDICACIÓN

1. Para os aproveitamentos privativos permanentes e xa autorizados, a taxa devindicarase o 1 de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural.



Venres, 16 de decembro de 2022

Núm. 239

Liquidarase e esixirase a taxa anualmente salvo nos supostos de inicio ou cese na utilización privativa ou aproveitamento especial regulado nesta Ordenanza. Nestes casos o período impositivo axustarase a esa circunstancia, rateándose por trimestres naturais, incluíndo o de inicio e o de cese.

2. Nas utilizacións e aproveitamentos puntuais ou temporais, a taxa devindicarase no momento de presentar a solicitude de concesión ou autorización e o período impositivo coincidirá co tempo autorizado.

ARTIGO 8º. NORMAS DE XESTIÓN

1. As persoas ou entidades interesadas na concesión ou autorización para realizar os aproveitamentos sobre o dominio público municipal a que fai referencia esta taxa deberán presentar unha petición previa, achegando a documentación indicada na Ordenanza substantiva desta taxa.

Cando os documentos esixidos sexan dos expedidos pola Administración actuante, poderá suplirse a súa achega cando así o faga constar o interesado e facilite os datos necesarios para a localización e verificación da súa existencia pola Administración e outorgaranse tras a comprobación dos documentos presentados e emitidos os informes favorables polos servizos correspondentes.

2. No caso de utilizacións ou aproveitamentos puntuais a solicitude deberá achegar o xustificante de ter ingresado o importe da taxa mediante autoliquidación.

No caso de denegarse a autorización, a persoa interesada poderá solicitar a devolución da taxa ingresada, sempre que non se teña producido o feito imponible.

3. No caso de utilizacións ou aproveitamentos permanentes, unha vez autorizada a ocupación, os suxeitos pasivos serán incluídos nun padrón periódico cun sistema de cobro por recibos, esixíndose a taxa anualmente.

Unha vez autorizada ou concedida a licenza de aproveitamento, entenderase prorrogada mentres non presente a declaración de baixa o interesado.

4. Se realizarse o aproveitamento ou utilización do dominio público municipal sen mediar concesión ou autorización que lle outorgaría a Licenza Municipal para a entrada de vehículos ou reserva especial do uso da vía pública, a Administración poderá iniciar de oficio a concesión.

Neste caso, comprobada a existencia do antedito aproveitamento e previa notificación á persoa ou entidade propietaria, procederase á apertura do expediente administrativo dirixido ao outorgamento e alta nos padróns municipais afectados, momento a partir do cal o titular ficará suxeito ao cumprimento das obrigas derivadas da Ordenanza substantiva e fiscal, sen prexuízo da apertura do correspondente expediente dirixido ao cobro das cotas atrasadas e a sanción pola infracción tributaria cometida.

En todo caso, as cotas atrasadas devindicaranse dende a data en que se teña coñecemento acreditado do inicio do aproveitamento. De non telo, procederase ao cobro das cotas a partir da data de un ano anterior á de apertura do expediente.



Venres, 16 de decembro de 2022

Núm. 239

5. Cando remate o aproveitamento, os suxeitos pasivos formularán as declaracións de baixa no censo ou padrón da taxa e producirá efectos no período natural seguinte ao de presentación da mesma, podendo, no seu caso, ratearse por trimestres naturais.

A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa, sen prexuízo de poida levar aparellada a correspondente sanción tributaria.

6. Cando a utilización privativa ou aproveitamento especial houbera entrañado a destrución, alteración ou deterioro do dominio público local, o titular da licenza, sen prexuízo do pago da taxa correspondente, estará obrigado á reparación do bordo da beirarrúa ao estado inicial, ou ben ao reintegro do custe total dos respectivos gastos de reconstrución ou reparación facendo depósito previo do seu importe.

Se os danos fosen irreparables, o Concello será indemnizado en contía igual ao valor dos bens destruídos ou ao importe do deterioro dos danados.

O Concello non poderá condonar total nin parcialmente as indemnizacións e reintegros aos que refírese este apartado.

ARTIGO 9º.- INGRESO

O pagamento desta taxa realizarase:

- Nas liquidacións de contraído previo, na Tesourería municipal ou nas entidades financeiras que se sinalen na notificación. En todo caso, o ingreso será anterior ao inicio do expediente de concesión ou autorización do aproveitamento interesado.
- Nas liquidacións por recibo ou padrón, nas datas e entidades financeiras ou oficina que se sinalen no edicto de exposición pública do padrón.
- Nos servizos de retribución periódica, percibirase a taxa o día primeiro de cada mes.

ARTIGO 10º.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En materia de infraccións e sancións relacionadas coas taxas reguladas nesta ordenanza fiscal, estarase ao disposto na ORDENANZA DA CONCESIÓN DE VAOS, POR ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRAVÍAS, BEIRARRÚAS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA DE DESCARGA DE MERCARORÍAS DE CALQUERA CLASE, na ORDENANZA MUNICIPAL DA MOBILIDADE AMÁBEL E DA UTILIZACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS, na LEI DE SEGURIDADE VIARIA, na LEI XERAL TRIBUTARIA e demais normativa aplicable ao efecto.

ARTIGO 11º.- XESTIÓN POR DELEGACIÓN

1. Se a xestión, a inspección e a recadación do tributo foron delegadas total ou parcialmente na Deputación de Pontevedra, as normas contidas nos artigos anteriores serán aplicables ás actuacións que ten que realizar a Administración delegada, sempre que non contradigan o establecido na ordenanza fiscal xeral desta última, xa que nese caso, no que respecta á recadación e ás normas de eficiencia e economía, incluído o relativo a aportación de documentación polos



Venres, 16 de decembro de 2022

Núm. 239

interesados regulado no art. 28 da Lei 39/2015, prevalecería o establecido na normativa específica do órgano de xestión tributaria.

2. O órgano de xestión tributaria establecerá os circuitos administrativos máis acaídos para conseguir a colaboración das organizacións representativas dos suxeitos pasivos co fin de simplificar o cumprimento das obrigas formais e materiais derivadas daquelas, ou os procedementos de liquidación e recadación.

3. Todas as actuacións de xestión e recadación que leve a cabo o órgano de xestión tributaria axustaranse ao que prevé a normativa vixente e a súa ordenanza xeral de xestión, inspección e recadación, aplicable aos procesos de xestión dos ingresos locais, a titularidade dos cales corresponde aos municipios da provincia de Pontevedra que delegaron as súas facultades na Deputación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

A contía das tarifas que constitúen a cota tributaria poderanse actualizar anualmente, de acordo co Índice de Prezos ao Consumo (IPC), conforme quede establecido para o conxunto do Estado polo Instituto Nacional de Estatística (INE).

O cálculo da actualización deberá facerse tendo en conta a evolución do IPC en computo de anos naturais dende a última actualización ata o do ano anterior ao que se aprobe a nova actualización.

A actualización requirirá, para a súa efectividade, a súa aprobación polo Pleno da Corporación, conforme ao procedemento previsto no artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

Para todo o non previsto nesta ordenanza, a inspección e recadación da taxa rexerese polo establecido na lexislación tributaria vixente que resulte de aplicación.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Esta ordenanza derroga expresamente a ordenanza fiscal reguladora da taxa por entrada de vehículos a través de beiravías, beirarrúas e reservas da vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga ou descarga de mercadorías de calquera clase actualmente vixente e as súas modificacións; e calquera outra disposición de igual ou inferior rango que sexa contraria á mesma.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, coa redacción definitiva aprobada polo Pleno da Corporación na sesión realizada o, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e continuará en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación.



Venres, 16 de decembro de 2022

Núm. 239

ANEXO DE TARIFAS

TARIFAS ORDINARIAS

CONCEPTO ACTUALIZADO	COTA MÍNIMA. ANO (euros)	PREZO METRO LIÑAL. ANO (euros)
Entradas de vehículos en locais e espazos de uso especial, con reserva de vía pública e prohibicións de estacionamento		
En vivendas unifamiliares, por metro liñal	50,20	17,50
Garaxes colectivos, por praza e metro liñal	60,00	5,00
Establecementos comerciais, industriais ou de servizos para uso exclusivo do seu persoal ou clientes, por praza e metro liñal	60,00	7,00
Reservas de espazos ou prohibicións de estacionamento na vía pública, por metro liñal	-	20,55
Sinal oficial da concesión, por unidade	21,78	-

Se para garantir o goce da concesión fose necesario impedir o estacionamento na beirarrúa contraria ou estender o espazo reservado mais alá do que estritamente ocupa o vao, os metros utilizados de mais serán considerados reservas de espazo e computarán como tales a efectos de establecer a taxa.

TARIFAS REDUCIDAS

As autorizacións do tipo "LABORAL" gozarán dunha redución do 20% respecto das TARIFAS ORDINARIAS que correspondan.

Nos lugares de Canedo, San Vicente, A Freixa e As Cachadas, reducirase un 20% a tarifa das vivendas unifamiliares. Para o resto da vivendas unifamiliares situadas nas aforas da Vila e parroquias, reduciranse nun 40% das TARIFAS ORDINARIAS que correspondan.

Estas reducións non afectan ao prezo do sinal oficial da concesión.

A alcaldesa

María Cristina Fernández Davila

